

ACTA DA MESA DE CONTRATACION

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DUN SERVIZO PARA O MANTEMENTO TÉCNICO E DOS CONTIDOS DO PORTAL MUNICIPAL.**-----

Sendo as 13:30 horas do día 8 de febreiro de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado da área de Urbanismo don Luis Manuel Álvarez Martínez e actuando como vocais don Francisco J. Fraga López, Concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e Modernización da Administración, dona Esther Muñoz Mella polo Grupo Municipal do Partido Socialista, don Antón Bao Abelleira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, don Luis Casais, en representación da Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de Contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Atópase presente neste acto en presentación da mercantil Inteligencia Visual don Pablo Encabo.

A continuación procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura o informe técnico emitido polo responsable do servizo de Informática en relación o escrito de alegacións presentadas pola mercantil INTELIGENCIA VISUAL en relación ca baremación da súa oferta; á vista do cal os membros da mesa acordan desestimar as sinaladas alegacións.

Asimesmo dase lectura ó informe técnico do responsable do Servizo de Informática en relación ca xustificación das baixas presentadas polas mercantís BALIDEA e PLEXUS, acordando rexeitar a xustificación presentada pola mercantil BALIDEA e aceptar a xustificación da baixa da mercantil PLEXUS; trala lectura do informe técnico do servizo de Informática procédese á elaboración do seguinte cadro de puntuacións totais tendo en conta os criterios de valoración recollidos no prego de condicións:

	Oferta técnica	Oferta económica	Iso 9001	Iso 27001	Iso 20000	24x7	migración	TOTAL
PEXEGO	8	5.39	0	1	0	10	10	34.39
SILENUS	34	6.15	0	0	0	10	10	60.15
INTERDIX	24.5	12.24	0	0	0	10	10	56.74
INTELIGENCIA VISUAL	36	4.07	0*	0*	0	10	10	60.07

## CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refª: Acta lectura informes e proposta adx.

Asunto:

PLEXUS	33.25	30	1	1	1	10	10	86.25
INFORHOUSE	28.25	12.24	1	0	1	10	10	62.49

\* ISO de Inteligencia Visual son de Emetel


Tendo en conta o informe técnico emitido e o cadro de puntuacións totalis os integrantes da mesa acordan seleccionar como oferta economicamente máis vantaxosa a presentada pola mercantil **PLEXUS** o ter alcanzado a máxima puntuación total; asímesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adjudicación excluído o IVE.

Non obstante o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e Modernización da Administración, don Francisco Fraga López pon de manifesto que esta empresa (PLEXUS) acaba de ser expulsada do mantemento da web da Universidade da Coruña e doutros lugares.

Duda e quere deixar constancia, de que sexa posible que esta empresa poida executar o contrato nas condicións ofertadas.

Sen mais que manifestar, conclúese o acto ás 14:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE



Asdo: Luis Manuel Álvarez Martínez



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz